

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
<b>SUBVENCÍONS DESTINADAS Á REALIZACIÓN DO PROGRAMA RETORNA CUALIFICA EMPREGO</b>	<b>TR380A</b>	<b>SOLICITUDE DE PAGAMENTO E XUSTIFICACIÓN</b>

<b>DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE</b>	
NOME/RAZÓN SOCIAL	NIF

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b>			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

**A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:**

- Que a subvención concedida á entidade foi destinada ao fin para o cal se lle concedeu.
- Que se cumpriron todos os requisitos legais e técnicos en relación co gasto realizado.
- Que solicita o pago da subvención concedida por un importe de \_\_\_\_\_, e presenta a documentación xustificativa segundo o disposto no art. 25 da Orde.
- Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:
  - Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
  - Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

CONCEPTO DA AXUDA	ADMINISTRACION OU ENTIDADE PÚBLICA CONCEDENTE	SOLICITADA / CONCEDIDA / PERCIBIDA	IMPORTE

- Que a entidade está ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Que a entidade se someterá ás actuacións de comprobación a efectuar polo órgano concedente, aportando a información que lle sexa requirida, así como da obriga de conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poida ser obxecto das correspondentes actuacións de comprobación e control, segundo o disposto no art. 14.1 g) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**

Certificación acreditativa das accións de divulgación, captación e entrevista persoal realizadas con cada persoa, con indicación da data da entrevista persoal (art. 25.3.c da Orde)

Certificación acreditativa dos plans de cualificación e empregabilidade elaborados (art. 25.3.d da Orde)

Certificación acreditativa da sesión informativa sobre as competencias clave e o campus virtual realizada con cada persoa indicando a data na que tivo lugar (art. 25.3.e da Orde)

Certificación acreditativa da realización das horas de formación relacionadas co sector produtivo e o posto de traballo ofertado, competencias dixitais e habilidades brandas, por cada persoa participante e indicando a denominación, contido, duración, datas de realización e lugar de impartición (art. 25.3.f da Orde)

Certificación acreditativa dos contratos formalizados (art. 25.3.g da Orde)

Certificación acreditativa dos importes aboados ás persoas beneficiarias por gastos de traslado. Xunto coa certificación se acompañará copia das transferencias bancarias correspondentes aos pagos realizados por ditos conceptos (art. 25.3.h da Orde)

Certificación acreditativa dos importes aboados ás persoas beneficiarias para o aluguer de vivenda e fianza. Xunto coa certificación se acompañará copia das transferencias bancarias correspondentes aos pagos realizados por ditos conceptos e copia do contrato de aluguer. (art. 25.3.i da Orde).
Certificación acreditativa dos importes aboados da axuda para as primeiras necesidades básicas en Galicia. Xunto coa certificación se acompañará copia das transferencias bancarias correspondentes aos pagos realizados por ditos conceptos (art. 8.2.g da Orde).
Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das obrigas establecidas na Orde con indicación das actividades realizadas, datas de inicio e finalización das mesmas, resultados obtidos e valoración cualitativa destes, nº persoas participantes e outros aspectos relevantes (art. 25.3.j da Orde).
Memoria económica xustificativa (art. 25.3.k da Orde).
Certificación, en base ao establecido no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de que o importe da subvención non supera o custo das actividades realizadas ao abeiro do presente convenio.
Memoria xustificativa da elección entre as tres ofertas presentadas cando a elección non recaía na proposición económica máis vantaxosa (art. 25.3.m da Orde), no suposto de que o importe do gasto subcontratado supere as contías dos contratos menores establecidas no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.
Memoria relativa ao persoal do programa, que conterá información sobre os contratos do persoal adscrito ao programa, así como os seus perfís profesionais. (art. 25.3.n da Orde).

#### COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta. No caso de opoñerse a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos	OPÓÑOME Á CONSULTA
Certificado de estar ao día no pagamento á Seguridade Social	
Certificado de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma	
Certificado estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	

#### SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

	,		de		de	
--	---	--	----	--	----	--